



PREGUNTA ORAL SOBRE A REMISIÓN POSTAL DAS NOTIFICACIÓN DO COBRO DO IBI MUNICIPAL

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que non existe unha obriga legal expresa, posto que existe un calendario do contribuínte que o administrado ten o deber de coñecer, tradicionalmente desde o Concello víñase procedendo á realizar un envío postal a cada unha das persoas afectadas pola aplicación do imposto municipal sobre os bens inmobles (IBI) que servía de recordatorio para o período de cobranza.

O habitual proceder da Administración cos citados envíos vén a xerar na cidadanía un principio de confianza que acaba por determinar á súa vez o proceder do administrado que agarda a periódica comunicación para facer o abono correspondente.

Neste ano 2018 son numerosas as queixas que temos recibido pola non recepción dos envíos postais advertindo do cobro do IBI. Segundo manifestan os servizos de Correos, encargados da distribución das notificacións municipais, todas e cada unha das cartas remitidas pola Oficina de Recadación municipal para o seu reparto foron enviadas. Cabe deducir, polo tanto, que por algún motivo desde o Concello non se tramitaron todos os recibos existentes.

Como consecuencia desta anomalía, moitas persoas víronse sorprendidas pola aplicación de recargos e xuros, mentres agardaban pola carta municipal que viñan recibindo todos os anos anunciándolle o inicio do período voluntario de pagamento.

Á vista desta situación, fórmulase a seguinte pregunta:

Cal é o motivo polo que este ano non chegaron aos domicilios moitas das cartas informativas do pagamento dos recibos do IBI e que medidas pensa adoptar o Goberno para compensar o incremento dos importes como consecuencia da demora no pagamento daquelas persoas que non recibiron a habitual comunicación previa do Concello?

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Popular

CONCELLO DE SANTIAGO	
REGISTRO XERAL	
Data	- 7 NOV. 2018
ENTRADA	
Hora	Núm. 49435